

NORMATIVA URBANÍSTICA

CARPETA 04.NU

1. Criterios xerais.....	3
2. Esquema normativo	3



1. CRITERIOS XERAIS

Na Memoria xustificativa (Parte II) do borrador, en particular, no apartado 2, *Obxectivos e criterios de ordenación*, establécense as liñas xerais que van dar soporte á regulación normativa do ámbito, e que se reproducen a continuación:

- Diversificar e ampliar os usos a implantar no complexo dotacional, sempre no marco de seu carácter dotacional público.
- Facilitar a permeabilidade leste-oeste creando novas vías que atravesen o complexo dotacional, facilitando así a integración dos solos residenciais do oeste cos polígonos de uso terciario situados ao leste.
- Concibir o complexo dotacional, tanto pola súa posición estratéxica como pola súa considerable extensión como un intercambiador modal capaz de integrar sen interferencias distintos tipos de transporte (lixeiro-pesado/público-privado/urbano-interurbano/rodado-peonil...)
- Xerar unha nova fachada urbana na avenida do Cruceiro da Coruña que contribúa a mellorar este acceso á cidade.
- En xeral, graduar a intensidade edificatoria do ámbito, concentrando a edificabilidade do conxunto nos frontes norte (avenida do Cruceiro da Coruña) e sur (o recinto feiral xa executado) para favorecer a creación de fachadas urbanas nas vías de penetración na cidade, mantendo os espazos intermedios cunha ocupación menos intensiva, creando espazos de esponxamento capaces de absorber no seu interior a mobilidade xerada polas novas actividades a implantar.

2. ESQUEMA NORMATIVO

As ditas liñas xerais traduciranse nas correspondentes ordenanzas, a partir do seguinte esquema regulador:

- Sistema viario e das zonas verdes / itinerarios peonís públicos
Garantía de percorridos transversais tanto para o tráfico rodado como para o peonil.
Establecemento de bandas verdes / itinerarios peonís de carácter público que atravesen o ámbito na dirección leste-oeste .
Adecuación e remate dos viais do eixo norte-sur.
- Zonas de Equipamento:
Subzona norte. - Uso intensivo. Continuidade coa ordenanza 10 de solo urbano

Subzona central.- Uso extensivo (edificabilidade máxima en torno a $0,3 \text{ m}^2/\text{m}^2$)

Subzona sur.- Recinto feiral (xa executado)

As liñas xerais que se definen son, ao noso entender, suficientes para debater sobre a proposta nesta primeira fase, de avaliación ambiental estratéxica. Na fase posterior poderá concretarse a normativa específica de aplicación no ámbito, a partir das liñas xerais xa esbozadas.

Santiago de Compostela
A xefa da Sección de Planeamento do Concello
Asinado electronicamente